

CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	PRODUTI-VIDADE	P.R.D.	
S-A2-290	ATS/DUE A.P. A3 B2 E2 F1 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-293	ATS/DUE A.P. A3 B2 E3 F1 G1	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-294	ATS/DUE A.P. A3 B2 E3 F1 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-295	ATS/DUE A.P. A3 B2 E3 F2 G1	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-296	ATS/DUE A.P. A3 B2 E3 F2 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-301	ATS/DUE A.P. A3 B3 E2 F1 G1	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-302	ATS/DUE A.P. A3 B3 E2 F1 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-306	ATS/DUE A.P. A3 B3 E3 F1 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-308	ATS/DUE A.P. A3 B3 E3 F2 G2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-32	FISIOTERAPEUTA ÁREA 1	A2	22	252,86	155,32	0,00
S-A2-33	ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL	A2	23	262,44	147,96	0,00
S-A2-345	FISIOTERAPEUTA A.P. A1 E1	A2	22	0,00	334,86	0,00
S-A2-346	FISIOTERAPEUTA A.P. A1 E2	A2	22	0,00	334,86	0,00
S-A2-347	FISIOTERAPEUTA A.P. A1 E3	A2	22	0,00	334,86	0,00
S-A2-348	FISIOTERAPEUTA A.P. A2 E1	A2	22	0,00	261,54	0,00
S-A2-349	FISIOTERAPEUTA A.P. A2 E2	A2	22	0,00	261,54	0,00
S-A2-350	FISIOTERAPEUTA A.P. A2 E3	A2	22	0,00	261,54	0,00
S-A2-351	FISIOTERAPEUTA A.P. A3 E1	A2	22	0,00	224,88	0,00
S-A2-352	FISIOTERAPEUTA A.P. A3 E2	A2	22	0,00	224,88	0,00
S-A2-353	FISIOTERAPEUTA A.P. A3 E3	A2	22	0,00	224,88	0,00
S-A2-354	FISIOTERAPEUTA A.P. A4 E1	A2	22	0,00	188,22	0,00
S-A2-355	FISIOTERAPEUTA A.P. A4 E2	A2	22	0,00	188,22	0,00
S-A2-356	FISIOTERAPEUTA A.P. A4 E3	A2	22	0,00	188,22	0,00
S-A2-357	COORDINADOR DE SERVIZO	A2	23	155,98	43,53	0,00
S-A2-358	COORDINADOR DE ÁREA	A2	23	0,00	(**)	0,00
S-A2-361	ATS URX. EXTRAHOSPITAL. E2	A2	22	0,00	43,53	0,00
S-A2-50	ATS/DUE DE BASE SIMPLE 061	A2	22	259,77	193,79	0,00
S-A2-51	ATS/DUE DE BASE DOBRE 061	A2	22	435,65	193,79	0,00
S-A2-52	ATS/DUE DE UNIDADE DO CTG	A2	22	272,66	134,91	0,00
S-A2-95	ENFERMEIRA/O NOVO MODELO PAC	A2	22	263,87	43,53	0,00
S-A2-99	LOGOPEDA	A2	22	253,90	134,91	0,00
S-C1-01	TÉCNICO ESPECIALISTA	C1	18	166,64	104,46	0,00
S-C1-02	COORDINADOR TÉCNICOS ESPECIALISTAS	C1	19	166,64	155,16	0,00
S-C2-01	AUX. ENF. FUNCIÓN TÉCNICO	C2	18	163,81	95,74	0,00
S-C2-02	AUX. ENF. EN ILAA.	C2	16	159,74	95,74	0,00
S-C2-03	AUX. ENF. UNIDADE HOSPITAL	C2	16	180,34	95,74	0,00
S-C2-04	AUX. ENF. SERVIZOS CENTRAIS	C2	16	180,34	95,74	0,00
S-C2-05	AUX. ENF. CONSULTA EXT. HOSPITAL	C2	16	159,74	95,74	0,00
S-C2-06	AUX. ENF. FUNC. SAÚDE MENTAL	C2	16	180,34	95,74	0,00
S-C2-07	COORDINADOR AUXILIARES ENFERMARÍA	C2	17	180,34	146,53	0,00
S-C2-08	TÉCNICO EN FARMACIA	C2	16	180,34	95,74	0,00

(**) No mes de decembro, a mesma cantidade que perciba no dito mes de produtividade

PERSONAL FACULTATIVO

SF-A1-01	COORDINADOR ADMISIÓN	A1	28	953,25	1.226,28	85,64
SF-A1-02	COORDINADOR URXENCIAS	A1	28	953,25	1.226,28	85,64
SF-A1-03	XEFE DEPARTAMENTO	A1	28	953,25	1.344,60	85,64
SF-A1-04	XEFE SERVIZO CON C. E.	A1	28	953,25	1.226,28	85,64
SF-A1-05	XEFE SERVIZO SEN C. E.	A1	28	0,00	1.226,28	85,64
SF-A1-10	XEFE UNIDADE ADMISIÓN	A1	26	866,58	963,80	84,05
SF-A1-11	XEFE UNIDADE URXENCIAS	A1	26	866,58	963,80	84,05
SF-A1-12	XEFE SECCIÓN CON C. E.	A1	26	866,58	963,80	84,05
SF-A1-13	XEFE SECCIÓN SEN C. E.	A1	26	0,00	963,80	84,05
SF-A1-14	ADX. ESP. ÁREA CON C. E.	A1	24	779,94	685,74	80,05
SF-A1-15	ADX. ESP. ÁREA SEN C. E.	A1	24	0,00	685,74	80,05
SF-A1-16	MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS CON CE	A1	24	779,94	685,74	80,05
SF-A1-17	MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS SEN CE	A1	24	0,00	685,74	80,05
SF-A1-18	MÉDICO ADMISIÓN E DOCUM. CLÍNICA CON CE	A1	24	779,94	685,74	80,05
SF-A1-19	MÉDICO ADMISIÓN E DOCUM. CLÍNICA SEN CE	A1	24	0,00	685,74	80,05
SF-A1-201	MÉDICO XERAL A.P. C1 E1 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-207	MÉDICO XERAL A.P. C1 E2 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-210	MÉDICO XERAL A.P. C1 E2 F2 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-213	MÉDICO XERAL A.P. C1 E3 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-214	MÉDICO XERAL A.P. C1 E3 F1 G2	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-216	MÉDICO XERAL A.P. C1 E3 F2 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-219	MÉDICO XERAL A.P. C2 E1 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-225	MÉDICO XERAL A.P. C2 E2 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-227	MÉDICO XERAL A.P. C2 E2 F1 G3	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-228	MÉDICO XERAL A.P. C2 E2 F2 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-230	MÉDICO XERAL A.P. C2 E2 F2 G3	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-231	MÉDICO XERAL A.P. C2 E3 F1 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-232	MÉDICO XERAL A.P. C2 E3 F1 G2	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-234	MÉDICO XERAL A.P. C2 E3 F2 G1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-235	MÉDICO XERAL A.P. C2 E3 F2 G2	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-236	MÉDICO XERAL A.P. C2 E3 F2 G3	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-237	PEDIATRA A.P. E1 F1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-239	PEDIATRA A.P. E2 F1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-240	PEDIATRA A.P. E2 F2	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-241	PEDIATRA A.P. E3 F1	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-242	PEDIATRA A.P. E3 F2	A1	24	779,94	274,17	0,00

CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	PRODUTI-VIDADE	P.R.D.	
SF-A1-243	ODONTOESTOMATÓLOGO A.P.	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-250	XEFE DE SERVIZO A.P.	A1	26	866,58	274,17	0,00
SF-A1-251	XEFE DE UNIDADE A.P.	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-252	COORDINADOR DE ÁREA A.P.	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-260	MÉDICO URX. EXTRAHOSPITALARIAS	A1	24	779,94	274,17	0,00
SF-A1-30	XEFE DE BASE SIMPLE 061	A1	26	1.529,53	274,17	0,00
SF-A1-31	XEFE DE BASE DOBRE 061	A1	26	1.827,55	274,17	0,00
SF-A1-32	MÉDICO ASISTENCIAL DE BASE SIMPLE 061	A1	24	1.136,33	274,17	0,00
SF-A1-33	MÉDICO ASISTENCIAL DE BASE DOBRE 061	A1	24	1.434,36	274,17	0,00
SF-A1-34	XEFE DE SA. DO 061	A1	26	2.031,91	274,17	0,00
SF-A1-35	MÉDICO COORDINADOR 061	A1	26	1.367,15	274,17	0,00
SF-A1-36	MÉDICO XERAL DO CTG	A1	24	700,62	274,17	0,00
SF-A1-81	TÉCNICO SAÚDE PÚBLICA	A1	24	779,94	274,17	80,05
SF-A1-82	MÉDICO SERV. NORMAL URXENCIAS	A1	24	0,00	495,52	80,05
SF-A1-83	MÉDICO SERV. ESPECIAL URXENCIAS	A1	24	0,00	495,52	80,05
SF-A1-87	FACULTAT. XERARQ. MEDIC. XERAL C.E.	A1	24	779,94	685,74	80,05
SF-A1-89	FARMACÉUTICO DE A.P.	A1	24	779,94	274,17	80,05
SF-A1-95	MÉDICO NOVO MODELO PAC CON CE	A1	24	779,94	274,17	0,00

ANEXO XVI

Retribucións adicionais dos médicos dos puntos de atención continuada

Nocturnidade	3,82 €/hora
Festividade	9,08 €/hora
Xornada complementaria	24,04 €/hora

ANEXO XVII

Retribucións adicionais do persoal de enfermaría dos puntos de atención continuada

Nocturnidade	2,44 €/hora
Nocturnidade de sábado e véspera de festivo	7,30 €/hora
Festividade	7,30 €/hora
Xornada complementaria	15,74 €/hora

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 18 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (IN828A-presentación electrónica).

A Constitución española, no seu artigo 44.2º, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais, no artigo 149.1º 15 establece que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

O Estatuto de Galicia recolle no seu artigo 27.19º que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia do fomento da cultura e da

investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, determina que estará integrada, entre outros departamentos, pola Consellería de Economía e Industria.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establece, no seu artigo 4, que a Consellería de Economía e Industria está estruturada, entre outros órganos superiores, pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i).

O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria establece que lle corresponde á Dirección Xeral de I+D+i, entre outras funcións, a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias que en materia de investigación ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia; a elaboración, xestión, coordinación e control do PGIDIT; a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias e funcións da consellería nas materias de innovación tecnolóxica e innovación na xestión dos sectores produtivos e de infraestruturas tecnolóxicas.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo II, crea o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (PGIDIT), como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de setembro de 2006, aprobou o PGIDIT 2006-2010.

O PGIDIT ten como misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Este plan estrutúrase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

O PGIDIT configúrase como unha actuación estratéxica que busca vertebrar o sistema e desenvolver dunha maneira eficaz e completa o potencial investigador e innovador do noso país, de xeito que repercuta cualitativa e cuantitativamente no desenvolvemento económico e no benestar social. Estrutúrase en programas e actuacións dirixidos aos distintos axentes que conforman o Sistema Galego de Innovación. As empresas, e en particular as pemes, son un destinatario preferente das actuacións do PGIDIT, que pretende incrementar e potenciar a súa participación na dinámica innovadora. Un instrumento de particular relevancia para acadar este obxectivo son

os proxectos de I+D+i; pero para que as pemes teñan capacidade de xerar un fluxo continuo de proxectos e consigan extraer o máximo partido destes proxectos de I+D+i, cómpre que previamente existan na empresa certas dinámicas de traballo e formas organizativas (cultura innovadora e capacidade de xestión da innovación).

O obxectivo desta orde é sensibilizar sobre a importancia dunha adecuada xestión da innovación e ir creando dinámicas e competencias que permitan tanto o óptimo aproveitamento dos recursos de innovación como o acceso a socios e colaboradores que faciliten os procesos de cambio na empresa.

Nesta misión teñen un papel especialmente importante dous tipos de organizacións diferentes que poden dar apoio e cobertura ás pemes:

-Os organismos de intermediación e representación empresariais, que aglutinan colectivos sectoriais e/ou xeográficos de empresas, e que ademais dunha función de representación do colectivo, teñen unha importante capacidade de intermediación, ao seren percibidos como unha organización propia que facilita o acceso a servizos de asesoría, sensibilización, difusión e capacitación en asuntos de interese para os seus asociados.

-Os especialistas privados en xestión da innovación, que a través do seu labor de asesoría especializada, capacitación e desenvolvemento, complementan capacidades de xestión de innovación nas pemes.

As axudas reguladas nesta orde estarán cofinanciadas nun 75% polo Feder Galicia 2007-2013, eixe I, tema prioritario 07, actuación 1.

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro e 2/2007, do 28 de maio,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, que se inclúen como anexo I desta convocatoria.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. Os formularios de solicitude de axuda deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Axudas Virtual (procedemento IN828A-presentación

electrónica), dispoñible no seguinte enderezo da internet:

<https://axudasindustria.xunta.es/att>

Tamén se pode acceder, na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN828A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

O prazo para iniciar solicitudes a través da aplicación informática remata 24 horas antes do sinalado no número 9 deste artigo.

2. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse ao Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial, a través dos teléfonos 881 99 91 60 e 881 99 91 56, do número de fax 981 95 73 80, ou do enderezo de correo electrónico cei.infodina@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

3. Os anexos desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para efectos informativos, e é necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

4. A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia logo da obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

5. As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente na Oficina de Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP-PAC).

6. As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico, en vez de en papel, ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os seguintes requisitos:

7. O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma.

Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firma profesional e Banesto CA.

8. Xunto cos formularios de solicitude, deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 4º do anexo I das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática, unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

9. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 3º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a nove meses.

Artigo 4º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN828A-presentación electrónica, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de I+D+i, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería: (<http://economiaeindustria.xunta.es>).
- b) Os teléfonos 881 99 91 60 e 881 99 91 56.
- c) O enderezo electrónico cei.infodina@xunta.es.
- d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia que é o 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de I+D+i para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. O obxecto das subvencións reguladas nesta orde é o financiamento de actuacións destinadas a:

-Sensibilizar e mobilizar as empresas, especialmente as pemes, acerca da importancia da innovación e da necesidade dunha xestión sistemática e profesionalizada desta.

-Ensaiar e implantar procedementos de sistematización dos procesos de innovación nas empresas que redunden nunha maior eficacia deles.

-Desenvolver dinámicas de utilización continuada de servizos externos para a xestión da innovación como unha actividade habitual da empresa.

-Fomentar o desenvolvemento dunha cultura e estrutura empresarial proclives á innovación.

-Fomentar a cooperación entre axentes do sistema de innovación:

*Favorecendo o traballo conxunto de distintos axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación, o seu mutuo coñecemento e o desenvolvemento de actividades en cooperación especialmente coas pemes ou colectivos de pemes con axentes xeradores de coñecemento.

*Contribuíndo á xeración de proxectos de I+D+i e en particular de proxectos de colaboración.

*Fomentando a transferencia de coñecemento, resultados de investigación e tecnoloxía.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Estas axudas quedarán suxeitas ao réxime N 307/2009, aprobado pola Comisión o 8 de xuño de 2009, de conformidade co establecido no marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, adoptado pola Comunicación da Comisión do 17 de decembro de 2008, que ten como obxectivo conceder unha axuda temporal ás empresas afectadas por unha escaseza ou unha indispoñibilidade crediticia repentina a consecuencia da crise financeira e económica global.

4. Naqueles proxectos obxecto de subvención, nos que participen empresas e dos que se derive unha axuda directa e cuantificable para as empresas participantes, esta axuda quedará amparada no marco temporal comunitario. Será requisito indispensable, para o aboamento da axuda que, xunto coa conta xustificativa, se achegue unha declaración xurada do representante legal de cada empresa participante, relativa ás axudas acollidas ao marco temporal comunitario, que recibisen durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal no que se tivese aprobado a axuda.

5. Para os efectos desta convocatoria, enténdese innovación no seu sentido máis amplo como a busca sistemática de oportunidades para crear novos produtos e servizos, e mellorar procesos, achegándolles valor aos clientes e incrementando a capacidade de creación de riqueza na propia empresa.

6. Consideraranse actuacións subvencionables:

Modalidade A:

Xornadas, seminarios e obradoiros sobre a importancia da innovación e a súa aplicación sistemática e profesionalizada.

A xeito de exemplo orientativo, aínda que non limitativo, cítanse algunhas temáticas para as accións de sensibilización:

-Xeración de novos conceptos (produtos, procesos, negocios, mercados...) a través da creatividade, da xestión da información interna e externa, da prospectiva. Trátase, en definitiva, de identificar e xestionar fontes de ideas de cambio na empresa.

-Cultura innovadora; observación sistemática dos cambios como base da planificación empresarial; compromiso coa innovación e tolerancia ao risco; xestión da aprendizaxe organizacional; xestión sistemática da innovación e carteira de proxectos.

-Xestión do coñecemento e das competencias; xestión da tecnoloxía e da propiedade industrial e intelectual.

-Rendibilización dos procesos de cambio: desenvolvemento de produtos e servizos; desenvolvemento de novos mercados, e xestión de investimentos e procesos de innovación.

No caso de xornadas e seminarios de sensibilización valorarase especialmente a capacidade de convocatoria e impacto sobre un elevado número de destinatarios.

No caso de obradoiros de innovación daráselles prioridade a aqueles dirixidos a grupos reducidos de empresas, orientados a desenvolver accións concretas con cada empresa participante.

Modalidade B:

Accións de dinamización da innovación en colectivos empresariais de ámbito xeográfico e/ou sectorial e proxectos piloto de implantación de sistemáticas de innovación en pemes, en particular:

-Implantación de metodoloxías e sistemas de xestión da innovación.

-Adecuación das estruturas organizativas para facilitar a implantación, dinamización ou sistematización dos procesos de innovación.

-Creación e dinamización de equipos/grupos de traballo de innovación na empresa.

-Estudos de oportunidade, nos que se incluírán revisións do estado da arte, análises de situación actual e prospectiva e viabilidade económico-financieira do desenvolvemento dos resultados dun proxecto de I+D+i ata a fase comercial.

-Auditorías tecnolóxicas e de innovación.

Terán a consideración de gastos subvencionables, sempre que cumpran os requisitos da Orde EHA/524/2008, do Ministerio de Economía e Facenda, do 26 de febreiro, pola que se aproban os gastos subvencionables dos programas operativos do Feder e do Fondo de Cohesión, os seguintes:

Modalidade A:

A-1. Pagamentos a conferenciantes que, en todo caso, serán persoas físicas que se deberán identificar ou, cando menos, o seu perfil. Tamén se deberá detallar o número de horas da súa intervención. O aboamento deste concepto poderá facerse por dous sistemas: mediante pagamento directo ao conferenciante ou mediante factura da entidade na que traballa. Neste último caso na factura emitida pola entidade deberá quedar perfectamente constatado que o destinatario dos fondos é a persoa que impartiu a conferencia.

A-2. Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento de conferenciantes. Cando se conte con conferenciantes de fóra de Galicia, deberase xustificar a oportunidade destas intervencións e a singularidade do perfil dos relatores. As facturas de gastos por este concepto deberán indicar, cando menos, a persoa que realizou a viaxe e os conceptos incluídos.

A-3. Aluguer de salas e/ou instalacións precisas para o correcto desenvolvemento da actuación proposta. En ningún caso se aceptarán por este concep-

to facturas da mesma entidade polo uso das súas propias salas e/ou instalacións.

A-4. Dedicación de persoal propio da entidade solicitante. O custo por este concepto non poderá superar o 20% do orzamento total da acción. Dentro deste concepto deberán especificarse que tarefas desenvolverá este persoal no proxecto e xustificar a experiencia e capacitación para o seu desempeño. As taxas horarias do persoal deberán ser acordes co nivel de competencia e retribución na empresa; a intensidade de dedicación ao proxecto deberá ser coherente coa función desempeñada polo persoal na empresa.

A-5. Investimentos realizados para a difusión e convocatoria das actividades que se van desenvolver (documentación que se entregará nos seminarios, folletos de promoción etc.). Non se poderá imputar por este concepto máis dun 10% da subvención concedida.

Modalidade B:

B-1. Gastos de persoal propio ou contratado dedicado directamente ás actuacións do proxecto que se presente. En caso de persoal propio deberán especificarse que tarefas desenvolverá este persoal no proxecto e xustificar a experiencia e capacitación para o desempeño destas tarefas. As taxas horarias do persoal deberán ser acordes co nivel de competencia e retribución na empresa; a intensidade de dedicación ao proxecto deberá ser coherente coa función desempeñada polo persoal na empresa.

B-2. Gastos de asesoría, consultoría, titoría ou formación realizados por entidades consultoras externas.

B-3. Investimentos realizados para a difusión e convocatoria das actividades que se van desenvolver (documentación que se entregará nos seminarios, folletos de promoción etc.). Non se poderá imputar por este concepto máis dun 10% da subvención concedida.

Con carácter xeral non se admitirán gastos en material inventariable. Só en casos excepcionais debidamente xustificadas poderíase considerar o financiamento deste tipo de gastos e, en todo caso, só se considerarán como subvencionables os custos de amortización correspondentes á duración do proxecto calculado segundo boas prácticas contables.

7. Con respecto aos gastos subvencionables indicados, non será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE), agás no caso de estar exento del. Neste caso, deberase presentar a documentación acreditativa desta exención.

8. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto só se admitirán aqueles gastos e actuacións, dos relacionados no punto anterior, que fosen realizados e pagados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de xustificación establecida no artigo 16.1º destas bases.

9. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Estudos de viabilidade de proxectos de I+D+i, diagnósticos tecnolóxicos e de innovación para empresas realizados de xeito individualizado, así como preparación de novos proxectos de I+D+i, tal como están formulados na orde de subvencións para o fomento da innovación empresarial.

b) Realización de estudos de innovación de ámbito sectorial ou xeográfico e diagnósticos de tecnoloxías críticas para determinados sectores.

c) Desenvolvemento de páxinas web e ferramentas informáticas para a xestión da innovación.

d) Implantación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

10. Non serán obxecto de subvención as actuacións desenvolvidas dentro da axenda estratéxica de innovación ou outras derivadas do funcionamento das plataformas tecnolóxicas galegas por ser obxecto de subvención noutra convocatoria da Dirección Xeral de I+D+i.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria 08.02.741A.771.0.

Feder 2007-2013: 750.000 €.

FCI que cofinancia elixible: 250.000 €.

Total: 1.000.000 €.

Aplicación orzamentaria 08.02.741A.781.0.

Fondos propios: 500.000 €.

Total: 500.000 €.

Orzamento total da orde: 1.500.000 €.

2. A axuda que se vai conceder asome a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía será, como máximo, do 100% dos gastos subvencionables, sempre que exista crédito na partida correspondente ao tipo de beneficiario. Así mesmo, os gastos recollidos nesta orde non poderán acollerse a outras axudas procedentes do Feder ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

3. Establécense os seguintes límites de financiamento por modalidades:

-Xornadas, seminarios e obradoiros: máximo 20.000 euros por evento. Non obstante poderán aceptarse programas completos con varios eventos que non superen entre todos os 100.000 euros.

-Accións de dinamización da innovación: mínimo 10.000 euros e máximo 100.000 euros.

4. Así mesmo, as axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime *de minimis*, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010. As axudas outorgadas ao amparo do marco temporal comunitario non poden acumularse con axudas *de minimis* correspondentes aos mesmos custos subvencionables.

5. As subvencións reguladas nestas bases serán incompatibles con calquera outra axuda outorgada, para os mesmos gastos, por calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases:

-Os organismos de intermediación e representación empresariais con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro, que aglutinan colectivos sectoriais e/ou xeográficos de empresas, e que ademais dunha función de representación do colectivo deben prestar de forma habitual servizos de apoio ás empresas e presentar un interese preferente pola innovación. Poderán ser organizacións de ámbito xeográfico autonómico, provincial ou local tanto de carácter xeral como sectoriais ou de especialización tecnolóxica, que dispoñan de sede social ou dalgún centro de traballo en Galicia.

-Empresas consultoras con especialización e experiencia demostrable na xestión da innovación e no fomento de accións de articulación do Sistema de Innovación, que entre as súas actividades oferten servizos de consultoría en innovación e dispoñan de sede social ou dalgún centro de traballo en Galicia. Ademais, as empresas deberán dispor de capacitación e experiencia nalgunha das seguintes áreas: participación na elaboración de plans estratéxicos de innovación; dirección de implementación de sistemas e/ou modelos de xestión da innovación; definición e/ou implementación de proxectos de innovación nos ámbitos de proceso, produto/servizo, mercado de organización; realización de diagnósticos de innovación ou tecnolóxicos; elaboración de plans de innovación ou tecnolóxicos; protección e explotación dos resultados de I+D+i; financiamento e fiscalidade da I+D+i.

2. Quedan excluídas da aplicación desta axuda as axudas á exportación, así como as axudas concedidas ás empresas do sector pesqueiro e ás empresas especializadas na produción agrícola primaria.

3. A axuda só poderá outorgarse a entidades que non estivesen en crise o 1 de xullo de 2008, segundo o disposto, para as grandes empresas, no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas

estatais de salvamento e reestruturación de empresas publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* C 244/2, do 1 de outubro de 2004, e para as pemes, no número 7 do artigo 1 do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías).

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- b) Copia compulsada do documento público acreditativo do poder co que actúa o seu representante.
- c) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil ou industrial.
- d) Para cada un dos gastos de consultoría ou servizos externos que superen os 12.000 euros, ou cando de forma excepcional se considere o financiamento de material inventariable, deberá achegarse:

-Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos, non existan no mercado suficiente número de entidades que fagan esas subministracións ou presten eses servizos, ou que o gasto se realizase con anterioridade á presentación da solicitude de subvención. Estas excepcións deberán xustificarse.

-Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. No caso de presentación telemática da solicitude de con certificado dixital, as entidades deberán anexar ao formulario unha copia dos documentos sinalados no punto anterior.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Neste caso, deberán presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Consonte co establecido no mesmo artigo, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están en poder da administración actuante, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data e o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non poden ter transco-

rrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. As propostas que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro.

5. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal, que serán obxecto de tratamento, e, para eses efectos, procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificios administrativos San Caetano-San Caetano, s/n -15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de I+D+i será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención. Correspóndelle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-Instrución do procedemento.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da LRXAP-PAC, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º.1 desta convocatoria resulta que o solicitante non se atopa ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse do solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. A revisión dos expedientes desta orde de convocatoria poderá ser realizada pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, de acordo co establecido na encomenda de xestión para o ano 2010 realizada pola Consellería de Economía e Industria a dita entidade, por Resolución do 31 de decembro de 2009, que quedará sometida a todos os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de entidade colaboradora.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta convocatoria, nas bases reguladoras ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas desta.

6. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes, de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A súa composición será a seguinte:

a) A subdirectora xeral de Innovación Empresarial, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.

b) O xefe do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial, ou persoa en quen delegue.

c) Dúas persoas expertas en xestión da innovación designada polo director xeral de I+D+i.

d) Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de I+D+i, que actuará como secretario/a con voz e voto.

Para o seu funcionamento, a comisión poderá contar co apoio técnico do persoal que ten encomendada a xestión do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica; en consecuencia, un técnico poderá asistir ás reunións da comisión por requirimento desta con voz e sen voto.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados para estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

1. Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, adecuándose aos obxectivos da orde.

2. Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

Modalidade A. Xornadas, seminarios e obradoiros:

a) A relevancia e a oportunidade dos contidos das actividades programadas para favorecer a sensibilización e mobilización das pemes de cara á innovación, á implantación sistemática desta e á articulación do Sistema Galego de Innovación (25 puntos).

b) Capacidade de representación e mobilización da organización propoñente, así como a experiencia na organización de eventos (16 puntos).

c) Disponibilidade e achegamento de instalacións propias e doutros recursos para a realización das actividades (16 puntos).

d) Concordancia entre as accións propostas, o orzamento e o impacto previsible. Valorarase o perfil dos docentes (experiencia e prestixio), o número

de horas nas que intervirán e o seu lugar de procedencia. (21 puntos).

e) Carácter innovador da proposta. (5 puntos).

f) Impacto e implicación directa na acción dos destinatarios finais, en particular as pemes. (5 puntos).

g) Coherencia global da proposta. (10 puntos).

h) Aplicación do principio de igualdade de xénero. (1 punto).

i) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007. (máximo 1 punto).

Modalidade B. Accións de dinamización.

a) A relevancia e a oportunidade dos obxectivos do proxecto para favorecer a implantación sistemática da innovación e a mellora na rendibilización dos procesos de innovación. (10 puntos).

b) Descrición e coherencia do plan de traballo. (10 puntos).

c) Concordancia entre as accións propostas, o orzamento e o impacto previsible. (10 puntos).

d) Caracter innovador da proposta. (8 puntos).

e) Achegamento de recursos propios para a realización do proxecto. (10 puntos).

f) Capacidade de representación e mobilización da organización propoñente así como experiencia no ámbito da xestión da innovación (no caso de organizacións de intermediación), e experiencia da empresa no ámbito da xestión da innovación e experiencia e capacidade do equipo de traballo proposto. (20 puntos).

g) Impacto e implicación directa na acción dos destinatarios finais, en particular as pemes. Valorárase especialmente a identificación de empresas destinatarias da acción (especificar nome da empresa, persoa de contacto, domicilio,...) así como a existencia dalgún compromiso escrito de participación. A implicación de empresas sen experiencia previa no tipo de acción que se pretenda desenvolver tamén será especialmente valorado. (20 puntos).

h) Coherencia global da proposta. (10 puntos).

i) Aplicación do principio de igualdade de xénero. (1 punto).

j) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007. (Máximo 1 punto).

3. A comisión de valoración poderá determinar o número máximo de proxectos que poden ser obxecto destas subvencións para cada solicitante, así como a puntuación por debaixo da cal non se propón o seu financiamento.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da Consellería de Economía e Industria. Esta resolución deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración a través do órgano instrutor e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos:

a) As entidades beneficiarias da axuda.

b) O importe global da axuda para cada entidade.

c) A relación priorizada de posibles suplentes.

d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 12º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente, no que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º desta convocatoria.

Artigo 14º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo VI, así como por calquera outro medio que

permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da LRXAP-PAC.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daquelas específicas que se indiquen nos anexos desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Solicitalle á Dirección Xeral de I+D+i, previamente á súa realización e, en todo caso, antes de que acabe o prazo de xustificación da subvención, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos proxectos aprobados. Terase en conta que a realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a devolución das cantidades desviadas.

e) Cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro de 2009. Estas medidas están recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013 que pode consultarse na páxina web:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>

f) Os beneficiarios deberán manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta orde, e

deberán conservar a documentación xustificativa dos devanditos investimentos por un período de tres anos a partir do peche do Programa Operativo, de acordo co disposto nos artigos 60 e 90 do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo.

Artigo 16º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a totalidade da subvención concedida ou para cobrar o pagamento á conta, de ser o caso, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 3 desta convocatoria, e na data límite do 30 de novembro de 2010, un exemplar da seguinte documentación:

a) Un resumo da execución do investimento no que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.

b) Xustificación do investimento: copia compulsada das facturas en relación cos gastos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación da anualidade correspondente.

c) Xustificación do pagamento: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento, en orixinal ou copia compulsada. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior ao 30 de novembro de 2010. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, a satisfacción do importe total da factura e o concepto a que corresponden.

d) No caso dos custos de persoal, tanto propio como adicional contratado, destinado ao proxecto, deberá achegarse:

Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto que deberá incluír os seguintes datos: sinatura do traballador, DNI, nome, apelidos, posto na empresa, labor desenvolvido no proxecto, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á empresa, data de pagamento da S.S. e custo total imputado ao proxecto (retribucións + S.S.). A esta certificación xuntarase fotocopia compulsada das nóminas e dos TC2 dos traballadores imputados ao proxecto, xunto cos xustificantes de pagamento destes documentos.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe efectuar o pagamento da subvención, na que conste a razón social e o CIF/NIF do titular, así como o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

f) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas como concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

g) Unha memoria do desenvolvemento da actividade na que se recolla o grao de cumprimento dos obxectivos da actuación subvencionada, así como os datos e incidencias máis significativos que houbo na súa execución. Excepcionalmente, no caso de que a actuación non estea completamente realizada con anterioridade á data de xustificación, a dita memoria será remitida á Dirección Xeral de I+D+i na data límite do 15 de decembro de 2010. Neste caso o pagamento final quedará condicionado á presentación da citada memoria.

h) Copia de toda a documentación editada para a consecución das actividades subvencionadas.

i) Sen prexuízo da documentación indicada, poderá requirirse do beneficiario da subvención que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do expediente.

2. Se transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no punto anterior, a Dirección Xeral de I+D+i requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente, advertíndolle de que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito á subvención e á existencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

3. Malia o disposto no punto anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 49 da LRXAP-PAC.

4. En todo caso, o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitirlle ao órgano concedente a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario correspondente.

5. Cando se aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porase no seu coñecemento e concederáselle un prazo de dez días para a súa corrección.

6. Se o importe da xustificación presentada fose inferior ao do anticipo recibido, ou se a entidade presenta a súa renuncia á subvención concedida, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes nos prazos establecidos dará lugar a incoación de expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, e no título V do Decreto 11/2009.

Artigo 17º.-Pagamento.

1. Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80% do total do orzamento de gastos da acción subvencionada, en concepto de anticipo, que será concedido mediante resolución motivada, no momento da concesión, no caso de que a entidade así o fixese constar na solicitude de subvención. Neste caso, as entidades beneficiarias deberán achegar o certificado de conta bancaria na que desexen que se lle efectúe o ingreso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións subvencionadas e xustificadas os gastos realmente efectuados, de acordo co establecido nesta orde de convocatoria.

c) No caso de pagamentos á conta ou anticipos, exímese, de forma excepcional, da presentación de garantías, por ter sito autorizado polo Consello da Xunta.

2. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao pagamento final da subvención, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Artigo 18º.-Graduación dos incumprimentos, reintegros e sancións.

1. A entidade beneficiaria da subvención deberá cumprir cos obxectivos, proxectos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como os compromisos asumidos nela. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento, e/ou, de ser o caso, procederá o reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei.

2. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación será causa de perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro total da subvención.

3. O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

4. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a perda do dereito ao cobramento ou á devolución das cantidades desviadas.

5. Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 19º.-Control.

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións. Ademais disto, poderá realizar nas entidades receptoras de subvencións, en calquera momento, as comprobacións e aclaracións que consideren necesarias para o correcto desenvolvemento da acción subvencionada; se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, poderán propoñer a suspensión da subvención concedida. Así mesmo, poderá convocar os responsables da entidade beneficiaria da subvención, se se considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 21º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na normativa básica da Lei estatal 38/2003, de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve, así como na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

É de aplicación a este réxime de axudas o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2006 relativo ao Feder, e o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión. Así mesmo, é aplicable o Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, modificado polo Regulamento (CE) 846/2009, da Comisión, do 1 de setembro, así como o previsto no marco temporal comunitario.

